



XESTIÓN DOS EQUIPOS E-DIXGAL

5º/6ºEP – 1º/2º/3ºESO

Estimadas familias:

Durante o presente curso o seu fillo/a estivo participando no proxecto **E-Dixgal** para o fomento do uso no ensino das novas tecnoloxías da información e da comunicación, polo que dispón para o seu uso persoal dun **ordenador portátil**, co seu correspondente **maletín, cargador e punteiro**.

O departamento da Consellería responsable do proxecto informa que:

- Como **o seu fillo/a continúa no mesmo centro cursando materias E-Dixgal no vindeiro curso 2023-24**, disporá do equipo durante o período estival, facéndose cargo de todos os elementos e incorporándose ao próximo curso co material en perfectas condicións. (Lembramos que o uso é exclusivo para o alumno/a e para tarefas académicas)
- Polo tanto **este curso non se recollen os equipos do alumnado de 5º/6º de Primaria, 1º/2º/3º de ESO**. Deberán ser gardados na casa ata o mes de setembro, en que se incorporarán aos seus cursos respectivos.
- Se non se vai facer uso do ordenador na casa durante o verán, **recoméndase facer unha carga total do mesmo conectándoo á rede eléctrica**, e logo almacenándoo no maletín cos seu cargador e punteiro.
- Lembramos que calquera deterioro ou rotura que teña o ordenador deberá ser comunicado para a súa reparación.

Para calquera aclaración ou dúbida poden chamar ao centro no teléfono 881867016.

Grazas pola súa colaboración.

Vedra a 19 de xuño de 2023

Vº e prace
O director

O coordinador Edixgal